



O 29 de outubro de 2019 o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias asinou a memoria de tramitación do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o CEGACOL para a realización de probas para determinar o rendemento leiteiro do gando vacún dentro do Programa galego de selección e mellora da raza Frisona, para o periodo 2020-2023, co texto integro que se reproduce a continuación:

“MEMORIA DE TRAMITACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CEGACOL PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS PARA DETERMINAR O RENDEMENTO LEITEIRO DO GANDO VACÚN DENTRO DO PROGRAMA GALEGO DE SELECCIÓN E MELLORA DA RAZA FRISONA, PARA O PERÍODO 2020-2023.

Esta Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de ordenación, fomento e mellora da produción gandeira, así como na execución das medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia, tal como se recolle no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos continuar co desenvolvemento das probas para determinar o rendemento do gando leiteiro daquelas explotacións que participen no control leiteiro oficial, co obxecto de mellorar a calidade xenética do gando vacún frisón de Galicia e así apoiar ao Programa de mellora xenética da Raza Frisona de Galicia.

Antecedentes

O lácteo galego representa practicamente a metade da produción final do subsector gandeiro cunha produción que supón case 40% do total nacional de leite de vacún. As explotacións galegas en control leiteiro son responsables das dúas terceiras partes da leite que se comercializa en Galicia e practicamente toda a produción láctea galega provén de animais da raza Frisona.





Neste sentido, a gandería de leite demanda constantemente a incorporación de novas tecnoloxías, e resulta fundamental actualizar e regular todos os medios que permitan unha maior rendibilidade destas explotacións, entre os que destaca a mellora xenética como a ferramenta que garante dispoñer de efectivos de reprodutores selectos de alto valor xenético comprobado, animais máis selectos e rendibles e que axudan a obter unha produción mais eficiente. Precisamente, a finalidade do control leiteiro oficial e poder realizar as avaliacións xenéticas dos animais, polo que rexistra obxectiva e sistematicamente a produción e a calidade do leite das vacas, ademais de recoller outros datos sobre a súa funcionalidade, co fin de estimar o valor xenético da poboación.

Ao constituír o control leiteiro un instrumento fundamental no desenvolvemento dos esquemas de selección do gando leiteiro, e máis concretamente, do Programa de Mellora Gandeira de Galicia, require unha estrutura organizativa básica sobre a que artellarse, na que participan as entidades máis representativas do sector, así como os órganos administrativos competentes. Neste aspecto, o centro autonómico de control leiteiro desempeña un papel fundamental no aspecto organizativo do control leiteiro, ao aglutinar las funciones dos núcleos de control leiteiro, e apoiado polo laboratorio autonómico para a análise cualitativo do leite e coa referencia dos laboratorios nacionais.

De acordo co exposto, a Consellería do Medio Rural e o Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL) xa veñen colaborando conxuntamente na realización de probas para controlar oficialmente o rendemento leiteiro do gando vacún dentro do Programa galego de selección e mellora da raza frisona. O presente convenio constitúe a actualización e continuación do convenio anterior asinado entre as partes para o período 2016 a 2019.

Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con CEGACOL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2023.

O obxecto deste convenio de colaboración é regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o CEGACOL, no desenvolvemento das probas para determinar o rendemento do gando leiteiro daquelas explotacións que participen no





control leiteiro oficial, co obxecto de mellorar a calidade xenética do gando vacún frisón de Galicia.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Real Decreto 368/2005, de 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e cabrúa, ten carácter de normativa básica, e define no seu art. 2a) ao control leiteiro oficial como o conxunto de actuacións cuxo obxectivo é á avaliación xenética dos reprodutores das especies bovina, ovina e cabrúa de aptitude leiteira para mellorar as producións lácteas e que consistirá na comprobación sistemática da cantidade de leite producida e dos seus compoñentes, así como a recollida doutra información que teña validez para a súa incorporación nos esquemas de selección aprobados para as diferentes razas. Así mesmo, esta norma tamén indica que a organización do control leiteiro debe estruturarse arredor de centros autonómicos de control, que se constitúen para aglutinar as funcións dos núcleos de control, apoiados polos laboratorios autonómicos.

En Galicia, o Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial, recolle no artigo 2 que se designan ás asociacións provinciais de control de rendemento leiteiro (AFRICOR) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, como Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL) para os efectos de actuar como unidade de coordinación e xestión da execución en Galicia do control leiteiro oficial.

Así mesmo, no Artigo 8 do Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial, establece que as axudas previstas no Real Decreto 368/2005 do 8 de abril, serán canalizadas a través do CEGACOL, e que a Consellería do Medio Rural subscribirá os oportunos convenios coas asociacións provinciais de control leiteiro como responsables da xestión do control leiteiro en Galicia.

En base ao exposto, a Consellería do Medio Rural pretende asinar un novo convenio de colaboración co CEGACOL, para a realización de probas para determinar o rendemento





leiteiro do gando vacún dentro do Programa galego de selección e mellora da raza frisona, no marco do Decreto 120/2011, do 16 de xuño de 2011.

Os beneficiarios últimos das actuacións financiadas con este convenio son fundamentalmente os gandeiros que participan na realización do control leiteiro en Galicia. Estes gandeiros reciben a axuda baixo a forma de servizos subvencionados prestados por terceiros, e nunca como pagos directos en efectivo aos produtores, de acordo co previsto no artigo 27.2 do Regulamento (UE) N° 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014.

O convenio resulta de gran interese para esta administración, porque habilita medios dos que carece a consellería e permite obter grandes beneficios para o sector lácteo galego a un custo axeitado tal e como se describe a continuación.

Un control leiteiro eficiente é imprescindible para que un programa de selección xenética sexa eficaz, xa que permite rexistrar obxectiva e sistematicamente a produción e a calidade do leite das vacas das explotacións galegas que colaboran co programa, co fin de estimar o valor xenético da poboación, facilitando os procesos de selección do gando.

Constitúe tamén unha importante axuda na xestión das explotacións, xa que facilita ao gandeiro a toma de decisións técnicas de gran importancia, como son a optimización da alimentación dos animais de acordo coa súa produción, ou a eliminación de femias pouco eficientes, obtendo así un maior grado de produtividade de cara a obter unha mellor calidade do leite e por tanto unha maior solvencia económica e rendibilidade para a explotación.

Mediante a interpretación e análise dos datos xenéricos que se obteñen do control leiteiro realízanse estatísticas de gran interese para para a Administración, ao facilitar importante información sobre o estado e a evolución das ganderías leiteiras de Galicia en canto a niveis de produción, tamaño efectivo das ganderías, estrutura dos rabaños, distribución das ganderías, etc.

Ademais, as explotacións galegas en control leiteiro dan emprego a tempo completo a varios milleiros de persoas en Galicia, xerando tamén emprego indirecto, e contribuíndo en gran medida á fixación de poboación no campo e a manter unha economía rural de gran importancia para Galicia.





Por outro lado, o procedemento ordinario de concorrencia pública na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto os catro destinatarios posibles resultan todos eles imprescindibles para a xestión dos programas. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso se expresa o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Ademais, como xa se comentou anteriormente, o Artigo 8 do Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial, determina que as axudas previstas no Real Decreto 368/2005 do 8 de abril, serán canalizadas a través do CEGACOL, e que a Consellería do Medio Rural subscribirá os oportunos convenios coas asociacións provinciais de control leiteiro como responsables da xestión do control leiteiro en Galicia.

As catro asociacións provinciais planifican e desenvolven en exclusiva, cadansúa no seu ámbito provincial, as actuacións de control leiteiro oficial. Son as entidades que agrupan á totalidade dos criadores de gando frisón implicados no programa do control leiteiro oficial na súas respectivas provincias. Non obstante, compre subliñar en relación con Africor Ourense, que debido ao insuficiente número de socios dos que dispón actualmente, carece da capacidade e dos medios para executar o control leiteiro oficial na súa provincia. Por outro lado, Africor Pontevedra si ten un número de explotacións asociadas suficiente que lle permite dispor da infraestrutura e do persoal necesario para realizar as labores de control oficial na provincia de Ourense sen que se vexa comprometida a calidade e eficiencia do control de rendementos na súa provincia. Ademais, xeograficamente desfruta dunha situación vantaxosa respecto á ubicación das explotacións a controlar en relación coas outras asociacións provinciais, polo que ambos Africores acordan a execución do control na provincia de Ourense tal e como se dispón na Cláusula Cuarta do convenio.

As Asociacións Provinciais de Control Leiteiro cumpren cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiarias, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Á súa vez, o artigo 19.2 da mesma Lei 9/2007, establece que as bases reguladoras poderán excepcionar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura

Asinado dixitalmente no lateral

